



Nota de prensa

Ante a imposibilidade de poñer agora en marcha a tradicional 'Operación Quilo'

EROSKI LANZA UNHA CAMPAÑA SOLIDARIA A PROL DOS BANCOS DE ALIMENTOS

- O obxectivo é apoiar e reforzar as capacidades dos Bancos de Alimentos para que poidan continuar a atender os seus beneficiarios durante os vindeiros meses
- EROSKI súmalle á campaña unha achega de 30 toneladas de alimentos
- Apela aos seus clientes a facer unha doazón ao pasaren por caixa, que os Bancos de Alimentos trocarán por produtos alimenticios e de hixiene
- EROSKI colabora dende hai máis de 20 anos con FESBAL

Elorrio, 21 de abril do 2020.- A partir de hoxe, [EROSKI](#) bota a andar en toda a súa rede de tendas unha campaña solidaria para recadar a prol da [Federación Española de Bancos de Alimentos \(FESBAL\)](#).

Ante a imposibilidade de poder poñer agora en marcha a tradicional 'Operación Quilo', que se atrasará como moi cedo ata xuño por mor das medidas de prevención e protección implantadas pola crise sanitaria que impiden ter os voluntarios dos Bancos de Alimentos nas tendas, EROSKI apela á solidariedade dos seus clientes para que fagan a mesma achega pero a través dunha doazón ao pasaren pola liña de caixas. Para iso habilitou un sistema a través do cal a persoa en caixa rexistra a cantidade correspondente que o cliente quere doar e que se reflicte no ticket da súa compra. Os fondos recadados reforzarán os recursos dos Bancos de Alimentos para adquirir alimentos e produtos de hixiene, contribuíndo así a que poidan seguir atendendo as necesidades básicas dos máis necesitados e achegar unha axuda inmediata aos colectivos máis vulnerables durante os vindeiros meses.

Máis de 1.300 establecementos, que inclúen supermercados, hipermercados e franquías EROSKI, [Vegalsa](#) e [Caprabo](#), ofreceranlles aos seus clientes a posibilidade de realizar unha achega económica a prol dos Bancos de Alimentos. Pola súa banda, EROSKI suma á campaña unha achega de 30 toneladas de produtos alimenticios que doará aos Bancos de Alimentos sen agardar a que remate a campaña para que poidan cubrir as necesidades máis urxentes.

"A crise sanitaria que vivimos non fixo máis que agravar a situación de necesidade de moitas persoas en situación de vulnerabilidade. O inestimable labor que realizan

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



os Bancos Alimentos para axudar a esas persoas tamén se está a ver afectado por esta situación excepcional e agora máis ca nunca precisan do noso apoio e solidariedade inmediata para poder seguir funcionando. Por iso dende EROSKI lanzamos esta campaña a prol de FESBAL habilitando este sistema para poder colaborar con eles de xeito sinxelo. Apelamos á solidariedade dos nosos clientes para que os Bancos de Alimentos poidan seguir atendendo as persoas en situación de desamparo e que non lles afecte o atraso da habitual 'Operación Quilo' coa que tradicionalmente recollen alimentos nestes meses e que representa unha das súas principais fontes de colecta de doazóns", explicou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

"Queremos agradecer de novo a colaboración de EROSKI con FESBAL nunha situación tan difícil coma a que estamos a vivir. Esta achega solidaria de EROSKI e os seus clientes permitiranos dispoñer nos nosos almacéns dunha notable entrada de produtos alimenticios que posteriormente lles distribuiremos, a través das entidades benéficas coas que colaboramos, aos colectivos máis desfavorecidos e necesitados", afirmou o director xeral da Federación Española de Bancos de alimentos, D. Miguel Fernández.

Máis de 20 anos colaborando cos Bancos de Alimentos

A colaboración de EROSKI cos Bancos de Alimentos remóntase a 1996 por proposta do Banco de Alimentos de Biscaia e dos propios consumidores que lle demandaban á cooperativa iniciativas solidarias dirixidas a colectivos desfavorecidos e a persoas en risco de exclusión social. Naceron así ese mesmo ano as campañas "Operación Quilo" de recollida de alimentos nas tendas EROSKI.

Posteriormente, EROSKI iniciou o seu programa de doazón de alimentos envasados próximos á súa data de consumo preferente, pero aínda aptos para o seu consumo con total seguridade alimentaria. Hoxe este programa de EROSKI e dos Bancos de Alimentos continúa vixente co compromiso "Desperdicio Cero" de non guindar ningún alimento que sexa apto para o consumo en toda a súa rede de hipermercados e supermercados. Co inicio das primeiras consecuencias da crise económica, EROSKI e FESBAL estenderon este programa aos alimentos frescos, para o que cumpriu redefinir a loxística de doazón co fin de manter a cadea de frío e asegurar que os alimentos doados cheguen con total seguridade alimentaria aos seus destinatarios.

EROSKI foi recoñecida co "Premio Espiga de Ouro", o máximo galardón que lle outorga a Federación Española de Banco de Alimentos a aquelas organizacións que destacan pola súa colaboración na redistribución solidaria dos excedentes alimentarios.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)